

# AGRAFOJO, S.L.



**"Detectei falta de calidade nos traballos de infografía debido á inexistencia de formación"**

*Manuel Agrafojo Rey*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Servizos de infografía
<b>Sector de actividade</b>	Servizos telemáticos e novas tecnoloxías
<b>Nº empregados</b>	2
<b>Inversión inicial</b>	12.020 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado con fondos propios.
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	A Coruña, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1998

## Descrición do proxecto

Axencia de infografía dirixida ao sector editorial, prensa, etc.  
Tamén desenvolvo actividades de deseño gráfico.



## Datos empresa

### Claves do éxito


Creo que a clave fundamental radica na rapidez con que se desenvolveu o proxecto e a experiencia que tiña no sector. Iso supuxo ser o pioneiro e acaparar todo o mercado potencial que existía nese momento. Ademais, pódese considerar como unha clave do éxito o asignar aos meus servizos prezos moi competitivos.

### Situación actual

Na actualidade estou a traballar máis no sector do deseño gráfico. A actividade de infografía está un pouco estancada.

### Perfil cliente

O 75% dos clientes está constituído por prensa e revistas, os xornais non acostuman solicitar estes servizos.  
Despachos de Enxeñaría.  
Despachos de Arquitectura.  
Editoriais.  
Páxinas web.  
CD Roms.



## Idea inicial

A idea xurdíume sobre todo pola experiencia laboral previa. Tamén porque detectei unha baixa calidade nos traballos de infografía debido á inexistencia de formación. Non había xente formada neste sector. Observei tamén un nicho de mercado desatendido pola falta de axencias deste tipo en España (a maioría acostuman ser delegacións estranxeiras) e a miña experiencia laboral dicíame que existía unha alta rendibilidade se era capaz de deseñar unha boa estratexia comercial.

## Principales dificultades y amenazas futuras

- Unha das principais dificultades radica na rapidez con que evoluciona o mercado e a tecnoloxía neste sector (os equipos quedan obsoletos con rapidez e faise necesario investir constantemente).
- A competencia.
- Non se permiten fallos e a infraestrutura ten que axeitarse ao ritmo de traballo dos xornais, que están activos habitualmente de noite para as edicións diarias.
- A inmediatez do servizo. Para unha maior rendibilidade, precisase unha produción diaria
- O risco de xerar produtos que non sexan demandados ao longo do día, pois a súa caducidade é inmediata.

## Perfil promotores

Estudou na Escola de Artes e Oficios de A Coruña, e comezou a traballar antes de acabar os seus estudos. Tivo unha experiencia laboral de 4 anos Na Voz de Galicia na sección de Infografía. Ao mesmo tempo funda Oceanográfico Taller xunto con 11 socios, unha empresa multiservicio (fotografía, deseño, maquetismo, ilustración, informática...) onde desempeña as labores de Administrador e Deseñador Gráfico. Con trinta anos crea unha axencia de infografía.

## Aptitudes necesarias

A capacidade de analizar as cousas con obxectividade.



## Guía de Actividad

**Servizos de infografía** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

## Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**O reto que supón**

## Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Si, a do programa Lanza.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desarrollar con éxito un proxecto empresarial?**

Considéroo imprescindible.

## Anecdotalio

Non dispoñible

